

O auténtico e lexítimo Goberno de Catalunya ingresou no presidio. Diante d-este feito, cheo de ensinanzas, nós saudamos aos homes da Xeneralitat con este berro compendio da nosa adhesión: ¡VISCA CATALUNYA!

A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA


Lembranza do Patriarca Francesc Maciá

Declinaba na Hespaña a dictadura. Entre os elementos determinantes da súa caída, no orde espritoal, traballaba con forza invencibel Cataluña, a irmán benamada. Un home eistraño, esguio, de pergeño quixotesco, de un Quixote mediterráneo, encarnaba a Cataluña; un desterrado de ollos azúes, que fixeran seu aprendizaxe de infinito no azul luminoso do mar clásico, levaba por Europa adiante o ensóno da Liberdade da súa Terra na testa, alumeado por unha estrela de cinco picos, tremelucindo en cada mán aberta. Era aquel home, pelgrín de todol-os camiños do eisilo, Francesc Maciá.

Na inxente Babel sureña, que é Bos Aires, latexan arelas de total-as patrias do mundo. Da Galicia a Irlanda, de Cataluña a Lituania. Teñen todas un altar nos núcleos dos seus fillos emigrados. Singularmente aquelas que viven opresas e submetidas a poderes alleos. O altar de Cataluña está sempre alumeado e frolecido por corazóns e mans devotas. Non somentes en Bos Aires, senon que en total-as cidades da América do Sul donde haxa cataláns. Xentes co esprito feito arco da vella a todo o longo do Atlántico, bebendo na fonte da Patria lonxana a i-auga vital. Por eso Francesc Maciá, nas horas precursoras da República que eran precursoras tamén da Liberdade de Cataluña, foi a América a recoller folgos; como foran de Valera e Masarick, seus irmáns en ideal i-en loita.

O anuncio da chegada de Maciá a Bos Aires, puxo en movemento total-as forzas reacionarias da «indianada» de ra-ta-chín, encabezadas polo embaixador da monarquía, Ramiro de Maeztú, esa cañota oca e podre dun albre que nunca tuvo savia; e logrouse que a policía arxentina violando unha lei do País, metera a Maciá e a Gassols seu compañeiro, no barco que o levara facéndolle voltar pra atrás. Un abogado ilustre, hoxe senador socialista, Alfredo Palacios, asumiu a defensa ante a suprema Corte de Xusticia con recurso de «Hábeas Corpus» e o outo Tribunal acordou que Maciá voltara ao país para ser seu hospede de honor. Ao longo do incidente ruidoso, no que safu derrotada a Hespaña borbónica, a figura do gran Patriarca agrandouse, deica axigantarse. Un novo episodio enrequecía a súa historia de perseguido pol-os opresores da Patria.

A aparición de Maciá ante os seus compatriás emigrados foi un espetáculo maravilloso. O vello «Casal Catalá» da rúa dos Estados Unidos, era un trozo de Cataluña en festa do Maio Florido. Flores de ceibo roxo das ribeiras do Uruguay; margaridas de Córdoba; alielies de Mendoza; flores collidas por máns catalanas, remitidas ao gran apóstolo; flores ben amadas de Cataluña que sabe trocar en loureiro de bronce pra coroar héros. E bandeiras; bandeiras catalanas, bandeiras galegas, bandeiras vascas, nunha festa polícroma, onde cada color era unha esperanza e unha profecía. E xentes de total-as terras ibéricas cobizapreixar a mán alumeada, de albura luar. Os vítores, os Himnos, as bandeiras as máns a baterse, faloron o linguaxe do porvir próisimo, denantes que o orador dixera o seu sermón de loita.



ADEUS PROVISIONAL

¡DEICA LOGO, IRMANS!

Algo terá dentro unha idea, cando a prol d-ela se pón a vida mesma. Nin mais nin menos, que a vida foi o que se xogaron os Conselleiros da Xeneralitat na ruleta tola d-unha noite triste. «Tiñanno todo e todo o arriscaron», escribiu, facéndolles xusticia, Portela Valladares. O autonomista que poucos días despois, había de rubir ao Goberno xeral de Catalunya amagallando a Autonomía, engadiu naquel artigo, que tiña o valor da testemuña persoal e da crónica lealdosa, verbas d-iste xeito: «Decidítonse a perdelo todo, sin que na sorte toran a gañar ren.» «Foron cidadáns que cairon no cumprimento do seu deber de cidadáns», poido decir exaitamente, no seu informe de defensa, D. Mariano Ruiz-Funes.

Nin heroís, pois, nin mártires, sinón patriotas que cairon baixo un deber de patriotismo. Cidadáns, simplemente, según a síntesis afortunada d-un dos insines letrados que nun friso esgrevio de togas compuxeron, diante do Tribunal de Garantías, unha xornada de gloria pro foro español. Homes, máis sinxelamente aínda. Os Consellers da Xeneralitat nin aspiraron ao escorzo broncíneo, nin a palma do sacrificio. Loitaron. Caíron. Sereamente, limpiamente, coma cumprindo un deber. Nin denantes, nin despois mediron as desventaxas, nin pesaron as comenencias. Queda isto pra quen teña capacidade de aplicar ao cumprimento do deber o sistema métrico decimal.

Certamentes que non todos poden comprender o xesto. Non poden os cegos pol-a paixón ou os estúpidamente colleitizos pol-a barateira, gorda e canallesca literatura plantetaria da Antipatria, do Separatismo e da sagra Unidade nacional. Non poden; cecais sinxeiramente non poden, os homes formados na retórica de romanceiro trasnoitado, na rima dos alexandrinos imperialistas, na pompa, gaia e oca, das metáforas hispanoamericanistas. Eisi chega un a explicar a posición d-ises prestixios locais, arrepiados parvamente diante das verbas «autodeterminación», «federalismo», «Estado miembro». O cómico aglajamento d-istes tipos d-outora, proven da súa pigriza mental, que non pasou da literatura da Revolución francesa. Pensan os tales que unha nacionalidade é o vello lema de Felipe V. Se non conciben que se fraguen as Nacións sinón pol-o ferro e pol-o fraude. Oubir falar da nacionalidade galega, da catalana ou da vasca, e botarse a rir, en gargalladas iñaras, é todo un... Veleiqué a estampa pintoresca dos prohombres de distrito, das griorias municipais, dos Demóstenes de vía estreita...

Cárcel Modelo de Madri. Contra os ferros da cadea, deica marcalos no peito, se apertan, no espremer emocionante do espedimento, o Presidente Companys, a quen a responsabilidade envelleceu supetamente, aborrallándolle de cinza a testa noble, intelixente e cnea de vontade; a afilada silueta de Lluhi; a pálida sonrisa de Comorera; a xuventude de Esteve, de Barrera, de Mestres; a maciza complexión de Ventura Gassol que, ao falar das nosas Patrias, do seu Maragall e da nosa Rosalia, da súa «Palestra» e do noso Seminario, treme e arde todo él... Ali están, na derradeira visita, uns homes, todos mozos, todos loitadores, todos patriotas, cheos d-unha enorme serenidade, intimamente ledos, empapados de fé pol-a súa idea e de amor pol-a súa Terra inesquecida. Somentes un fervor eisi, pode facer que no prólogo do presidio, os Conselleiros da Xeneralidade teñan fervor na man que se aperta e nos ollos que din adeus, pro unha gran calma no corazón.

Lo segredo está n-istas verbas que, dempois de cruzar a irmandade das nosas Patrias, nos dixo o honorabel Presidente Lois Companys: —A nosa idea, irmans e amigos, é coma un viño raro, pouco e ledicioso. O que o proba fica perdido pra sempre...

Lo herdeiro de Maciá, tirou unha rúbrica no ár.

X. ALVAREZ GALLEGO.

ENVIO.

Pra vos, irmans no ideal, na incomprensión e na inxuria, vai a emoción d-istas verbas de espedimento. Queren ser, son, un adeus provisional. Un ¡deica logol, millor, porque siquera vos, que estades tatuados pol-a cerrillidade dos alleos, tendes o amor dos propios, que irá a delibraros trunfalmente da cadea.

Agora que estades caídos, que a gabanza non pode ser alago posto a producir, eu quero que a miña vos galeguista leve ás vosas célas o ramallo de froses que n-elas quixeran destollar as miñas mans.

O discurso foi unha oración a Catalunya e unha proclama a loita; unha chamada ao traballo ledicioso pol-a patria, unha anunciación da grande vegada liberadora. Tanto coma os beizos, falaban en Maciá as máns de albura luar, trazando no ar parábolas suaves ou rudas, de eistraño sortilexio. Un camiño e unha meta, abertos dian-

te dos ollos alampados do auditorio devoto, posto a caer de xionllos. Todo o discurso eran catro verbas: Cataluña. Liberdade. Democracia-Xusticia. «Lei motiv», alma, corazón, fé. A verba eternal dun pobo que non se resignou a morrer e por eso vivirá sempre. Eso era a verba de Maciá aquela noite memorabel.

Comorera, entonces director de «Nació Catalana» e militante socialista, hoxe conselleiro condenado, presentounos como representantes dos núcleos galeguistas de Bós Aires. Poucas veces apreixamos mán algunha con tanta unción, nin dimos aberta máis forte. Falamos de Galicia. Maciá tiña noticias de Galicia, a través

Agasallo de irmán

Tral-as rellas da cadea fitades a República de caballeros vós que, comamín, traballáchedes por crear unha República de traballadores.

Vós que conqerírades a librtade da vosa terra que hoxe volta a se sentir opreixa.

Vós que expulsárades de Cataluña a Bola Negra tan amigo do capital de March e tan nemigo do «Capital de Marx».

Vós que na compañía do fidalgo Maciá, do abó inequiescente, puñerades ao voso pobo no goberno de sí mesmo d-acordo co-as esenciais da librtade e a democracia propias d-unha república merecente de tal nome.

Pódesse encadear o corpo, mais a i-alma non, como dixo o noso bardo Pondal. E as vosas almas ceibes peñeiradas pol-as rellas da Cadea voan cara a terra que vos dou para preñeren n-ela como sementes d-un ideal inmorredoiro que trunfará facendo que os seus froitos poidan ser abranquidos en xurdia colleita tanto por vós coma por vascos e galegos.

O voso sacrificio trocarase fecundo; e cando chegue a hora da maturidade; cando diante de nós ondee a barda d-ouro ardente, segaremos con forza, seguindo o consello do poema pondaliano.

Convosco vai o noso afecto. Sodes mais ceibes na cadea que outros na rua e inda no Poder. Da cadea iredes á cadeira curul. As vosas cabezas rapadas pol-o fouciño da ordeanza penitenciaria terán no hemicycle do tempo das leis prestixo de trofeos da Hespaña nova que hoxe andan a envelleceren e reguñiren os que a cristazos d-ouro magoaron a conciencia inivil dos burgos apodrecidos.

Meus vellos amigos: co-a copa da Provenza, na que ferve o azul espíritu mediterráneo que encheu de cantigas d-amore o camiño de Sant-Iago, quero brindar pol-o voso sacrificio, mentras a lua celta baixo palio de piñeiros no cumio do monte Medulio alumea con gracia eucarística o presentimento d-unha redención da que vós fúchedes, apóstolos primeiro, e logo mártires.

Cando a República de cabaleiros que nos téñ convertidos ós da República de traballadores non sei si en cabalos ou en asnos, esmoreza e se afunda; como no mito de Apuleyo os que mais d-unha vez comimos rosas voltaremos a nos trocar en príncipes. E d-aquela o berro de ¡Visca Catalunya! será un berro de librtade para tódo-los hespañeos.

Da verdecente Galicia vos mando o agasallo d-estes loureiros que ouiron risadas de merlo e inda levan, como brilantes, pingotas d-orvallo auroral.

A. VILLAR PONTE.

de unha versión lírica, cecais en demasía literaria. E crefa—grande lírico él—que na librtade dos pobos opresos, o fator sentimento, coa súa forza creadora, sería decisivo. En Cataluña foi así ¿serao en Galicia? Posibelmente tamén.

Vimos a Maciá, por vegada derradeira, nas Cortes Constituintes que deron corpo legal e xerarquía histórica ao ensóno que anos denantes lle escoitáramos na emigración. A mesma figura chea de cordialidade e de suxestión; un pouco inclinada baixo o peso da grande responsabilidade da

(Sentada d' p'iciu)

RG 106/1
Compra

Aitividades do Partido

Propaganda galeguista

Continuando a xeira comenzada en Lugo e interrompida pola orde do Goberno suspendendo a propaganda política, mañán terán lugar os mítins de Páramo e Láncara que se agardan con fondo entusiasmo.

Intervirán n-éles ademais de algún irmán do grupo de Lugo os irmáns Víctor Casas, Alvarez Gallego, Suárez Picallo e Gómez Román.

LUGO

O Grupo de Lugo comenzo a atuar con forteza i-entusiasmo. Tén aludado un local na rúa do Miño 12 onde os irmáns traballan a cotío polas cousas do Partido.

Estase en camiño de orgaizar varios grupos pola provincia e xa dentro de poucos días ficará constituído o de Santa María a Alta que conta xa con un gran número de irmáns.

Tamén en Ribadeo e Mondoñedo constituiranse logo en grupo as delegacións aituas os que comenzarán unha forte labouira nas respectivas comarcas.

FRANZA

O noso grupo de Franza (Pontedeume) que perante os meses derradeiros deixou de funcionar debido a cousas de carácter local e político as que non son alleas as incidencias aituas da política gubernamental, vai comenzo de novo a súa labouira para o cal o grupo será axiña reorgaizado debidamente.

O irmán Gabriel Manso está xa en contaito coa Oficina do Partido a que xa deu instrucións ao dito irmán para que proceda con aitividade a orgaización axeitada do grupo de Franza.

Agardamos que este grupo reanude de contado as súas aitividades a prol do galeguismo n-aquela comarca pódose en contaito cos galeguistas de Ferrol, Miño e Sada.

Estrada-Lalin

O Conselleiro da zona Estrada-Lalín, irmán Valenzuela, vén de estar varios días percorren do os grupos pertencentes a dita zona.

O entusiasmo que reina entre os galeguistas dos diversos grupos é fondo i-está xa dando xurdidos froitos a prol do espallamento do galeguismo por toda a comarca de Deza, Trasdeza Ulla. Os grupos existentes xa estanse reorgaizando fortemente con arreglo a instrucións especiaes do Conselleiro e ademais estanse creando novos grupos e células polas tres comarcas da zona.

N-este mes ou no que vén faranse varios mítins en algúns sitios estratégicos, que se agardan con impaciencia polos galeguistas da demarcación.

IMPERMEABILIZANTES

VATERSTOP

UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMIDADE E O SALITRE NAS CONSTRUCCIONS

Mais de CINCOENTA anos de experiencia no saneamento de construcións e impermeabilización das mais importantes obras hidráulicas.

REPRESENTANTES EN TODAL-AS VILAS DE GALIZA

Pida detalles e foletos:

PRODUCTOS WATERSTOP

Axencia xeral pra Galiza:

Porta da Pena, 6. - SANTIAGO

BARCALA (NEGREIRA)

O día 23 celebróuse o aito conmemorativo do primeiro aniversario da exportación do gando a Barcelona, orgaizado pol-a Federación Agraria, en terreos das escolas barcalesas de Cobas.

Asistiron máis de catrocentos labregos, dendo's máis lexanos currunchos do Val, que confraternizaron n'un xantar campestre.

Ao remate fixeron uso da verba os señores Campos Ponte e Manuel Riveiro, dirixentes da Federación, Xohan Xesús González de Santiago e o irmán Avelino Pousa Antelo.

Fala primeiro o Sr. Campos Ponte, que comenza expoñendo detidamente todo canto fixo a Federación, dende a súa fundación, fai tres anos; expón as dificultades que tivo que vencer e o trunfo que para a Galicia campesiña siñifica o trunfo do cooperativismo agrario. Fai o balance xeral da F. e remata invitando a todos a xunquir seus esforzos n'unha labouira de renovación que soerga o nivel económico de Galicia. (Foi moi apraudido).

Fai uso da verba en segundo lugar o irmán Avelino Pousa Antelo.

Empeza facendo un eixame da situación aitual da gandeiría, despois da aprobación dos tratados coa Arxentina e o Uruguay, e compara a manse-dume con que foron acollidos pol-a poboación labrega co pulo de rebeldía que se promoveu cando as Constituintes, quixeron aprobalos. Fala do cooperativismo en Dinamarca facendo a súa historia e comparando as ventaxas obtidas n'aquela nación coas que Galicia podería obter si o movemento de solidaridade seguise.

Non esquezades labregos, di, que o voso trunfo e a vosa esperanza depende en moito da política «por moito que loitedes, mentras non teñades quen comprenda e resolva os vosos problemas, non obteredes ren de proveito». Foi precisamente un home que en Vigo o fixeran «fillo adoptivo» o que «defendendo a Galicia» pediu a aprobación dos tratados que vos arruinan.

Remata pregando un aprauso pra os reitores da Federación, señores Campos, Celey e Riveiro e outro pra todos os que axudaron a esta obra da Galicia grande. (Unha formidabel ovación cerrou as verbas do irmán Pousa).

Fala logo o entusiasta agrario Manuel Riveiro que expón as dificultades con que tropezaron e que tiveron que vencer os labregos do Val de Barcala para que a súa redenxón sexa unha realidade.

Hoxe, di, temos 18 parroquias federadas, non tardará un mes en aumentarse o número a 30, pois recibimos solicitudes de ingreso dos de Lousame (Noia) e dos de Buxán que moi axiña colaborarán con nosco. Di que

éste acto se fixo para homenaxear ao Sr. Campos Ponte, principal animador das exportacións do gando.

Esta festa, engade, témola de facer todol-os anos pra celebrar o noso trunfo e a nosa unión. (Formidabel ovación).

Por último fala Xohan Xesús González que fai a historia do movemento cooperativista e os seus resultados. Refírese a os problemas galegos e di que namentras un pulo de rebeldía non soerga a nosa terra nun movemento reivindicatorio dos nosos dereitos non podemos agardar nada do centro que nos oprime. Eispón con cifras o gravamen enorme que pesa sobor Galicia comparando co resto da Hespaña. Namentras non teñamos un goberno noso e nos impoñamos pol-o cooperativismo non-os atenderán os de Madrid. (Foi varias veces interrompido con aprausos que a o final son ensordecedores).

Foi ista, como se ve, unha gran xornada para o agrarismo e pra Galicia que lnos enche de esperanza. Barcala-Xuño-1935.

Labouira do grupo de Lama (Láncara)

No local do Grupo de Lama lévanse pronunciado as tres primeiras conferencias do ciclo orgaizado por iste grupo.

A primeira estivo a cárrago do irmán Ricardo González, a segunda do irmán Francisco Fernández e a terceira do iimán Manoel Balboa.

Todos os oradores trataron de temas relacionados coa vida económica dos labregos e señalaron as solucións que pra cada problema contén o programa do Partido Galeguista.

A istas conferencias asistiu gran cantidade de público.

Gran Fábrica de Cervezas

A BARXA

TIPOS:

DOURADA
MUNICH (Negra)

E FABRICADA EN GALICIA

PREFERILA AS DEMIS E LABOU-
RAR POL-O ENGRANDECIMENTO
D'A NOSA TERRA.

IRMANS: Cando queirades ter unha festa propia d'a Terra, non deixés de chamar os Gaiteiros

"OS DEZAS"

de Lalín-Moneixas (Pontevedra)
CANTO PROPIO.

PAREXAS DE BAILE.
CADRO DE DECLAMACION

SI QUEREDES
XANTAR BEN

IDE A

CASA PEPE

Dr. Cadaval, 13 VIGO

UN BERRO NACIONALISTA

A xuventude nacionalista de Pontevedra ao renovar-as suas aitividades envían un fervoroso saúdo dende a prensa a total-as orgaizacións, nemi-gas e irmáns, que loitan no mundo pol-a consecución dos seus degaros.

Hoxe que nos reintegramos ás avangardas da loita pol-o rexurdimento de Galicia, queremos que conste a nosa protesta pol-a inxusticia que se cometeu cos nacionalistas de Vasconias suspendendo os ABERRI-EGUNA, que tiñan de dar un forte pulo á cultura da nación irmán.

Como a repulsa xa se fixo sentir ate no extranxeiro ao igual que os amigos do GUIPUZCO-BURU-BABZAR, recomendamos se acolla ista resolución arbitraria e inxusta do goberno ca maior serenidade, afirmando con máis forza as conviciós nacionalistas da nosa xuventude.

¡Ei Terra!

Carta a F. M. G.

Na Galiza a pirmeiro de Sant-iago do 1935.

Sr. D. Xosé Velo Mosquera.—(Segredario xeral da F. M. G.)

Ben queridos irmáns: Nista cibdade acordouse a disolución do grupo da F. M. G., pois a Segredaría Executiva que o dirixía, non quixo entender mais no asunto, e quedamos mui poucos afiliados entre eles os fundadores da Mocidade Galeguista que non están conformes ca actuación nin ca ouren-tación que sigue (2) a F. M. G. dende a 11 Asambreia.

Non embargantes contade co núcleo nacionalista de Pontevedra, ao que podeades enviar as cousiñas que mandedes aos grupos en xeral, pois serán acollidas co máisimo fervor.

Recibide unha aperta dos naciona-listas de Pontevedra.
¡Viva Galicia Ceibe!

Xuventude nacionalista de Pontevedra

A Xuventude Nacionalista de Pontevedra, na súa primeira xuntanza tomou o acordo de enviar un saúdo especial a total-as orgaizacións galeguistas ou nacionalistas poñéndose a súa disposición pra canto siñifique traballo pol-o ben da Terra que isas orgaizacións propoñan defender no marco das suas aitividades.

Si algún instante percisasen de nós deben poñerse a fala con algúns dos nacionalistas de Pontevedra que transmitirán o prego a todol-os irmáns.

A correspondencia pode ser dirixida a calquera dos centros galeguistas d-ista cidade.

ENVIO

Por unanimidade acordouse enviar unha aperta ós irmáns desterrados e ós que fican na cadea pra que reciban no seu sufrimento un alento de ledicia e de gratitude dos seus irmáns máis caros.

¡Irmáns!
¡Tempos virán...!

Este número foi visado pol-a Censura gubernativa.

CAFÉ

GALICIA

Cantón Grande

A Cruña

Boletín de difusión de A NOSA TERRA

Boletín pra difusión de A NOSA TERRA

D. remite por xiro postal (ou en selos de correo) (1) a cantidade de pesetas, importe da subscripción a favor das persoas cujos nomes e direccións van ao pé, é as que o Semanario será remitido directamente pol-a Administración.

D. Dirección.
D. Id.
D. Id.

(1) Táchese o medio de remesa que se non utilice.

VALENTIN PAZ-ANDRADE
Abogado
Vigo

MANOEL GÓMEZ ROMÁN
Arquiteito
Vigo

ANTÓN PINTOS MIGUEZ
Consulta de 12 a 1 e de 4 a 6
Baión

XERARDO ALVAREZ GALLEGO
Abogado e Procurador
Vigo

COLEXIO LEON XIII
VILAGARCIA

DR. AMANCIO CAAMAÑO
Sanatorio Quirúrgico
Pontevedra

R. GONZALEZ PASTORIZA
Abogado
Vigo

FRANCISCO Barreiro Salaño
Perito Agrícola
Santiago

Lede e propagadé

"A Nosa Terra"

Redacción - Administración:
Rúa de Tetuán, 2-1.º - Pontevedra
.....
SUSCRICIÓN: 3 pesetas semestres.
Pago adelantado.
.....
Número solto: 10 cts.

A nosa terra

SEMANARIO DO PARTIDO GALEGUISTA

Año XIX

Galiza, 6 de Xullo do 1935

Núm. 373

Declaración de principios do P. G.

- I. Galicia, unidade cultural.
- II. Galicia, pobo autónomo.
- III. Galicia, comunidade cooperativa.
- IV. Galicia, célula de universalidade.

VERBAS DE CHUMBO

XII

Meiodía. O sol é unha choiva de lume peneirado, a caer na soedade das prazas. As paredes arden en luz. O chán das rúas é un amoadado de betún. As estatuas de bronce ferven como locomotoras. As moscas de aceiro adocencen, destempladas, na boca das tabernas. As xentes sonean no silencio conventual dos interiores. Trunfa o gazpacho.

Tardiña. Xa se vocean periódicos. Xa saíron os vagamundos da lotería. Xa se ouce o chifle dun afiadador. Xa se sentan os vellos nas parrillas das prazas. Xa andan os cans mendicantes a usmear nos currunchos. Xa rebulen as greas de probes e xitanos. Xa voan as anduriñas. Xa falan e cantan as radios das tabernas. A cidade sáfase do sol en baños quentes de boca reseca. Trunfan os refrescos.

Noite. A terra non arruffa; pero endebén o ceo estrelecido dá ilusións de frescor. Os xubilados e retirados saen a papar araxiñas. As mulleres aproveitan a escuridade para abaladroarse. Trunfan os abanadores.

Leu cavilo na sombra fresca das carballeiras de Lalín, nos pinales da veiramar de Noia, nos arumes mariñeiros de Bueu, no cume do Monte Louro, na frescura do meu mar de Rianxo, na fonte cantareira da Estrada, nos salteiros de Corrubedo, no aire puro de Curtis, na paz vizosa do Lárez... E sintome fortalecido cos recordos.

O único que podemos lembrar con ledicia é a Terra, desvencellada do tempo e dos homes; porque a Terra perduravel é o único ben de Deus que puido chegar a nós. A Terra e despois úns anaquiños de eternidade que aínda se atopan nos limos do pobo labrego e mariñeiro. O demais é palla morta.

Se a nosa Terra conserva o seu ser e a súa forma débese á impotencia do Estado para convertirla en seara castelán, e se aínda temos folgos para obedecer os mandados da Natureza débese á impermeabilidade do espírito aldeán para resistir a violencia esterilizadora que sempre nos ameazou. ¿E quenes foron os axentes máis teimosos do imperialismo meseteiro? ¿Quenes foron os descastados que con máis aleivosía favoreceron, e siguen favorecendo, a torpe intención asimilista de Castela? Velahí unha pregunta que non quero constatar para que non me escomunguen os da «dereita galeguista de Pontevedra».

Sendo galeguistas podemos esquecer xenerosamente o que pasou; pero a condición de que cavilemos no que pasará. Unha sumisión ao pasado (para continuar o derrame suicida da nosa personalidade nacional?) significaría unha negación das arelas patrióticas do galeguismo. O pasado, pai do presente, non-os deixou máis que desilusións de vida, sen saber tansiquera cal foi o seu mellor propósito. E non valen interpretacións amañadas, nin glorificacións xenerosas, para disculpar o pasado; porque o pasado tróuxonos a esta realidade, visible e palpable, do presente, que os galeguistas queremos abolir.

¡Qué ganas me dán de profundar encol do pasado! ¡Cantas cousas se me ocorren a prol deste tema! Pero fai moita calor en Badaxoz.

CASTELAO.

Charamuscas

Tén gracia o que está acontecendo agora co Estadium de Mestalla. Dende que Azaña asombrou aos «caballeros-republicanos» con un aito que pesi a canto se diga non foi superado por ninguén no que se refire a espontaneidade, entusiasmo e demostración de unha idea e un home, rivalizan agora os «equipos» contrarios en querer achicar a verdadeira olimpiada política esquerdista.

Estableceuse un campionato cómico que demostra claramente a carencia de contido ideolóxico e seriedade que caracteriza aos equipos gobernantes.

O partido de terceira categoría que se xogou o domingo pode ser todo o máis un «ésito de taquilla» no que colaborou unha «claqué» ben preparada.

Pero nada máis. Anque os «hinchas» dereitistas empéñense en querer demostrar outra cousa.

Agora, para non ser menos, tamén irá Lerroux. Como non lle presten xogadores os equipos cedistas o ridículo vai ser espantoso.

¿Qué xogo poden desenrolar o polo Sigfrido e o seráfico Samper? Haberá zancadillas a todo trapo e o xogo caracterizarase pola súa suciedade. Si o arbitrase un bón «referee» a maior parte dos xogadores, por non decir todos, serían expulsados do campo.

Gil Robles, o «jefe que nunca se equivoca», dixo:

Nos separaremos como homes dignos e caballeros. O de arredarse, bñ. Que remedio. Pero o de dignos cabaleiros... o dixo Blás.

Ninguno de los partidos hemos tenido que claudicar. A Ceda dende logo non. Vai ao seu. Os únicos que poden decidir si claudicaron e

lles pedir contas son os monárquicos. Pero a claudicación do partido radical e principalmente do seu xefe son épicas. Gracias a éso chegou a Ceda a onde chegou pois bñ claro está que si os radicales non claudican do que decían que eran e do seu programa nin a Ceda estaría no Goberno, nin existirían éstas cortes, nin habería o menor intento de reforma constitucional, nin a República estaría como está. A claudicación radical é homérica.

Honestidad en la administración pública.

Esto era xá o que faltaba por oubir. Si aínda o dixeran os radicales...

Vamos a salvar a Hespaña.

Boeno. Isto xá está máis gastado, sobado, manido, revellido, apodrecido e desacreditado que Goicoechea. Que tamén usa do tópico con tanta frecuencia como o caudillo cedista. A ver si a salvan d-unha vez e nos deixan tranquios con semellante comodín demostrativo até a saciedade da oquidade cerebral do Icaro político que nos descubreu o «ensanchamento».

Gobernamos con la Ley.

Si... en suspenso. Comenzando pola Constitución. Total... como a van a reformar.

Luchamos contra el espíritu revolucionario.

E resulta que os están fomentando.

¡Qué gran estadista!

Estes viaxes en avión do señor Gil Robles nos traen a memoria a traxedia do pobre Carlitos Gardel.

Non por nada. Somentes porque nos parece que descubreuse un formidable cantador de tangos políticos.

Así están de entusiasmadas as nenhas cursis de «la buena sociedad».

AMARO DE VILAMELLE.

O que ouvimos pol-a radio o dia 6 de outono do 1934

VERBAS DE COMPANYS:

«...Nesta hora xúrdia... o Goberno que presido asume todas as facultás do Poder en Catalunya, PROCLAMA O ESTADO CATALÁN DA REPÚBLICA FEDERAL HESPAÑOLA, e, ao avencellarse cos dirixentes da protesta xeral contra o fascismo, invitaos a establecer en Catalunya o Goberno provisional da República, que atopará no noso pobo catalán o máis xeneroso pulo de fraternidade no común anxeio de edificar unha República Federal libre e baril...»

VERBAS DE LERROUX.

«... En Catalunya o Presidente da Xeneralidade, con esquecemento de todos os deberes que lle imponen o seu cargo, o seu honor e a súa autoridade, permítese proclamar o Estado Catalán... Estado seguros de que... perante a posición antipatriótica dun Goberno de Catalunya que se declara faicioso a i-alma enteira do país enteiro erguerase... para restablecer co imperio da Constitución, do Estado e de todas as leis da República, a unidade moral e política... Todos os hespañoles sentirán na face o sonroxo da loucura que cometeron uns cantos... O patriotismo saberá imporse alí mesmo á LOCURA SEPARATISTA e saberá conservar as liberdades que lle recoñeceu a República BAIXO UN GOBERNO QUE SEXA LEAL Á CONSTITUCIÓN... imos seguir a gloriosa historia de España.»

REIMATE.

Companys está na cadea. Lerroux está no Poder. Sigue a historia de Hespaña.

¡PROBIÑOS DIPUTADOS!

O calor ten de coroniña aos probes deputados galegos. Están os infelices que non aturan mais. Comprendémolo. E demasiado pedir que por mil pesetas cada mes teñan que asarse en Madrid os esforzados defensores de Galicia.

O que dirán eles é que para se ocuparen de Galicia e dos seus problemas, co mesmo intrés que deica agora, non precisan estar en Madrid.

E cecáis leven razón. Porque o señor Millán pode seguir escribindo dende Pontevedra os seus artigos no «Faro». Sierra, Salgado, etc., etc., ¿qué pintan alá? As recomendacións dos amigos, os asuntos do bufete, etcétera, pódense atender igual, e máis a gusto gozando do frescor do vrán galego que padecendo o cheiro abafante do asfalto das rúas de Madrid.

Comprendemos que se lles pida un esforciño de cando en vez para participaren n-un «quorum» —que ao fin todo é á maior gloria e beneficio da nosa Galicia—, pero rém máis. Pedir-lles máis é excesivo.

Un día o Sr. Paratcha permitiuse decir no mitin da Barxa que os deputados galegos facían o sacrificio de aguantar o calor de Madrid. Os labregos que o escoitaban cometeron a «inxusticia» de silbarlle.

Os deputados aituás víñeron a dar a razón ao Sr. Paratcha. ¡Qué saben os paisáns galegos de calor e traballo!

Negar-lles agora unhas vacacións sería unha tremenda ingratidade. Despois do que por Galicia levan feito, ben o merecen.

¡Probes deputados! Ben merecen unhas vacacións... definitivas.

Lembranza do Patriarca

Francese Maciá

(Ven da 1.ª páxina)

hora. Lembrámolo rubindo a mesa presidencial para facer promesa, de lealtade como deputado, a República Hespañola. Promesa ben cumprida por él e polos que son fillos do seu espírito. ¡Promesa ben cumprida de verdade! Era no intre apasionante en que a vella Hespaña —a dos Austrías e Borbóns— se revolví contra a nova Hespaña nacida baixo o sino dun Abrente primaveiral do Abril. Emporiso, a súa presenza obrigou aos seus enemigos, a un silencio entre impotente e respetuoso, crebado pol-o aplauso de cantos víamos, na súa vida eixemplar, e no ideal que a alumeou, un símbolo.

CAMIÑO DA TERRA...

Fai oito anos fún consultado por primeira vegada para vir a Madrid. Renunciéi, porque xa fixera propósito firme de consagrar os meus esforzos á causa sagra da nosa Terra.

Voltoouse a me consultare en varias ocasións i-en todas elas ia renunciando, non sin certa estraneza dos compañeiros de carreira que me siguen no escalafón, que xa están eiquí en gran número dende hai tempo. Madrid é cidade cobizada pol-os que queren facer carreira. Como éles non sinten o anxeio de traballar afervoadamente na reconstrucción d-unha Patria, non podían comprender esta «rareza» miña. «Tí debes vir a Madrid —decíanme algunhas vegadas—; en provincias non se conquiere ren».

Alguns d-aqueles compañeiros, ao verme chegar agora, dixeron trunfalmente: «Ves; se ao cabo tiñas de te convencere; xa verás como en canto pases eiquí uns meses, non te lembrás máis de Galicia...»

Agora como antes, siguen sen comprender o noso anxeio patriótico. Saben remotamente que no meu traslado a Cádiz influiron motivos de orde político, mais non pasan máis lonxe; non poden pasar, porque eles teñen outras preocupacións e outras arelas; a súa vida van n-outra dirección moi distinta.

Pra mín o destino a Madrid, exercitando aquel dereito ao que tantas veces renunciara ante a estraneza d-éles, non é máis que un compás de espera, unha pouso no camiño de volta á nosa Terra, onde está a principal obriga de todos nós. Si eu agora socitei a primeira vacante que se produxo despois do meu desterro, foi para me achegar a Galicia e aos meus; para seguir traballando con máis eficacia a prol da nosa Causa; pra me poñer en situación de voltar á nosa Terra cando a ela poida ir coa testa ergueita e con toda dinidade...

Cando, na mesma habitación que ocupara de estudante, estou a escribir estas liñas, da rúa un pouco provinciana en que vivo chégame a primeira estrofa do noso Himno.

Asómome e ollo que quen o canta é unha meniña á que arrodean outros picariños e algúns homes e mulleres que, ao rematare as estrofas pondalinas, lle piden que cante cancións galegas. Fain-o a pequena con aplauso dos que a escoitan, e cando un lle dí en broma: «que cante en castelán», ela responde, firme e dina:

—Canto así, porque son galega.

¿Qué de vós podería conter un «Moi ben, pequena».

Esa meniña galega é o símbolo da nova Galicia que se non avergonza de sí e se non nega.

Ela si que comprende por qué os galeguistas cando estamos na nosa Terra renunciámos a vir a Madrid.

ALEXANDRO BÓVEDA.

26-6-1935.

A nosa terra

No mes próximo poñeremos ao cobro os recibos do segundo semestre. Os corresponsaes recibirán logo os ditos recibos.

Aos corresponsaes que aínda non liqudaron os recibos do primeiro semestre pregámoslles o fagan axiña para non xuntar úns e outros.

Xa non voltamos a ver, en omnipresencia física ao vello Patriarca. Sabemos que o seu corpo, jace no seo da Terra Matria dos seus amores, baixo frores e pregos amantes. Mais o seu si que o vimos. Vimolo no intre en que os seus continuadores, antes de emprender os camiños bifurcados de presidios distintos, se deron a inxente aberta de despedida. E ben recoñecemos aquela súa man destra, que

apreixamos con unción, trazando no ar sobor das cabezas filiales, a parábola de unha bendición.

RAMÓN SUÁREZ PICALLO.

Prelo de LA POPULAR.—Charino, 7 Pontevedra